



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego

Materia	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01702			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Signale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	García González, Marta			
Profesorado	García González, Marta Veiga Díaz, María Teresa			
Correo-e	mgarciag@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal formar os estudantes na práctica da tradución directa e inversa inglés-galego nos eidos legal e institucional, cos obxectivos secundarios de orientalos de cara á comprensión profunda dos textos destes eidos, de dotalos duns coñecementos básicos sobre dereito e xestión, de proporcionarlles unha certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico de cara á actividade da tradución.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Adquirir un certo espírito crítico respecto á calidade e fiabilidade dos textos orixinais, das fontes documentais e das traducións propias e alleas.	A1	C1
	A2	C2
	A3	C3
	A4	C4
		C5
		C8
		C17
		C18
		C22
Ser quen de traducir do inglés ao galego, dun xeito preciso e co estilo axeitado, textos de temática xurídica e administrativa de complexidade media/alta.	A2	C1
	A3	C2
	A4	C3
	A5	C4
		C5
		C8
		C10
		C16
		C17
		C18
		C21
		C22
	C24	
Ser quen de traducir do galego ao inglés, dun xeito preciso e co estilo axeitado, textos de temática administrativa de complexidade baixa.	A2	C1
	A3	C2
	A4	C3
	A5	C4
		C5
		C8
		C10
		C16
		C17
		C18
		C21
		C22
	C24	
	C26	

Contidos

Tema	
TEMA 1: A DOCUMENTACIÓN PARA A TRADUCIÓN XURÍDICA	As necesidades de documentación na tradución xurídica Fontes terminolóxicas Fontes de documentación institucional Outras fontes de documentación Busca e procesamento de información Internet como fonte de documentación
TEMA 2: LINGÜAXE XURÍDICA E ADMINISTRATIVA E A TRADUCIÓN	Características da lingüaxe xurídica e administrativa en inglés e definición de tradución xurídica. A equivalencia. Os erros na tradución xurídica: Erros lingüísticos Erros textuais Erros extralingüísticos Problemas de intencionalidade Problemas pragmáticos Os falsos amigos
TEMA 3: OS SISTEMAS XURIDICOS	A Common Law e a Equity O sistema legal español A lexislación da Unión Europea O sistema legal dos Estados Unidos Repercusións das diferencias entre sistemas: ex. a lexislación societaria
PRÁCTICA 1: TRADUCIÓN DE TEXTOS ADMINISTRATIVOS	Certificacións académicas Certificacións do rexistro civil Comunicacións da Administración
PRÁCTICA 2: TRADUCIÓN DE TEXTOS XURÍDICOS	Contratos Documentos sucesorios Divulgación xurídica

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudo previo	0	18	18
Lección maxistral	6	12	18
Estudo de casos	8	8	16
Resolución de problemas	24	36	60
Traballo	2	16	18
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Estudo de casos	4	12	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consistirán na presentación da materia e no establecemento das bases para o desenvolvemento da docencia
Estudo previo	As actividades e estudos previos consistirán, sobre todo, na lectura comprensiva e crítica de diversos textos propostos pola docente ou procurados polos propios estudantes.
Lección maxistral	As sesións maxistrais consistirán nunha exposición clásica por parte da docente de todas as cuestións teóricas que resulten oportunas para desenvolver cada un dos temas que se imparten, o que inclúe cuestións traditolóxicas, pero sobre todo xurídicas e administrativas.
Estudo de casos	Os estudos de casos consistirán na realización de exercicios de natureza práctica relacionados cos temas que se estudaron a nivel teórico
Resolución de problemas	A resolución de problemas e exercicios consistirá na realización e corrección de calquera actividade relacionada co eido da tradución (tradución, revisión, etc.).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliadas; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliadas. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.
Resolución de problemas	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliadas; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliadas. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.
Estudo de casos	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliadas; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliadas. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.
Probas	Descrición
Traballo	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliadas; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliadas. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.
Exame de preguntas obxectivas	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliadas; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliadas. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo	Os traballos e proxectos consistirán na entrega dunha ou varias traducións realizadas de maneira autónoma, ben individual ou en grupo, e da elaboración dun traballo de documentación sobre un tema teórico, que poderá ir acompañado dunha breve exposición oral.	35	A2 A4 A5	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C10 C16 C17 C18 C21 C22 C24
Exame de preguntas obxectivas	As probas de resposta curta ou tipo test desenvolveranse ao longo do cuadrimestre e estarán relacionadas coas lecturas propostas para os diferentes contidos do temario, coa terminoloxía e coas estratexias de tradución vistas na clase.	15	A1	C17 C18 C24
Estudo de casos	As probas prácticas consistirán en dúas traducións, realizadas nas sesións presenciais. Cada unha delas representará un 25 % da nota final.	50		

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os materiais de lectura obrigatoria anunciarase a través da plataforma de teledocencia MOOVI na primeira semana de clase.

Na convocatoria de decembro/xaneiro existirán dúas posibilidades de avaliación, a continua ou a única.

Avaliación continua:

As probas para a avaliación continua serán as indicadas no apartado de avaliación desta guía, nas porcentaxes expresadas. A materia terá dúas partes vinculadas pero diferenciadas (teoría e tradución) e será obrigatorio que os estudantes superen as dúas para superar a materia. Dentro da parte de tradución, poderá haberá avaliación individual e en grupo. Os estudantes que superen a tradución en grupo pero non a tradución individual deberán recuperar en xullo a parte de tradución individual.

O exame de preguntas obxectivas corresponderanse coa parte teórica da materia, que incluírá a procura e lectura de materias relacionados co dereito e a administración. Todas as probas da parte teórica da materia serán de carácter obrigatorio, polo que se non se realizan durante o curso terán que realizarse o día do exame oficial.

Na parte práctica faranse probas de tipo "estudo de casos" e "traballo". Nas probas de tradución só se permitirá o uso de materiais controlados, que se comunicarán na clase. Todas as actividades avaliábeis da parte práctica da materia serán de carácter obrigatorio. A cualidade dos traballos de tradución avaliarase por medio de rúbricas que se publicarán no apartado correspondente de moovi antes da realización de cada proba.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que teñan lugar as probas de avaliación.

Avaliación única:

Os estudantes que así o desexen poderán optar por comprimir as probas durante o período oficial de exames marcado polo decanato. No entanto, as probas realizadas serán as mesmas que se inclúen na avaliación continua (tradución directa e inversa, proba teórica e traballo (neste caso individual e non tutelado)). As porcentaxes neste caso serán as seguintes:

Probas de tradución: 60 % (30 % cada unha)

Traballo de documentación e tradución: 20 %

Teoría: 20 %

Todas as probas realizaranse na data oficial fixada polo decanato, non sendo o traballo non tutelado, cuxa formulación se porá a disposición dos estudantes en moovi un mes antes do remate do cuadrimestre. Será obrigatorio que o estudante supere as tres partes para aprobar a materia e non se gardarán as partes aprobadas para o curso seguinte. Para as respostas ás preguntas da proba de teoría poderá empregarse calquera das dúas linguas da combinación lingüística da materia e ningún material. Non se permitirá o uso de medios telemáticos para as traducións nin medios de ningún tipo para a parte teórica.

Na convocatoria de xullo, a avaliación consistirá nas mesmas probas que na avaliación única e as porcentaxes e condicións serán tamén as mesmas.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que teñan lugar as probas de avaliación.

En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de 0 aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.
- Cometan máis de dous erros gramaticais.
- Cometan un contrasentido grave ou dous falsos sentidos graves.
- Incorran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento de que é un plaxio non eximirá o alumno da súa responsabilidade neste aspecto.

A cualidade dos traballos de tradución avaliarase por medio de rúbricas que se publicarán no apartado correspondente de moovi antes da realización de cada proba.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Borja Albi, A., **El texto jurídico inglés y su traducción al español**, Ariel, 2000

Alcaraz Varó, E., **El inglés jurídico: textos y documentos**, Ariel, 2000

Alcaraz Varó, E. et alii, **El inglés jurídico norteamericano**, Ariel, 2001

Séroussi, R., **Introducción al Derecho inglés y norteamericano**, Ariel, 1998

Bibliografía Complementaria

Valpuesta Gastamiza, E.M., **Introducción al derecho para no juristas**, Eunate, 1996

San Ginés Aguilar, P. e E. Ortega Arjonilla, **Introducción a la traducción jurídica y jurada**, Comares, 1997

Mayoral, R., **Translating Official Documents**, St. Jerome, 2003

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Relacións Internacionais/V01G230V01917

Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502